

BORRADOR DA ACTA DE CONSTITUCIÓN DO PLENO

SRES.CONCELLEIROS PRESENTES.-

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)
DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)
DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)
DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)
DON FRANCISCO REY MALLO (PP)
DONA TANIA MARIA RUANOVA SUAREZ (PP)
DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ (PP)
DON MANUEL MONTERO ANIDO (PSOE)
DONA EMMA GONZALEZ ALVAREZ (PSOE)
DON JUAN MANUEL BECERISO CABEZAL (PSOE)
DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ (BNG)
DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA)
DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

SR. INTERVENTORA MUNICIPAL.-

MARTA ROCA NAVEIRA

No Local habilitado para Salón de Plenos no Local Social da Rúa de Miño ás trece horas e trinta minutos do día 16 de xuño de 2007, en cumprimento do disposto nos artigos 195 y 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e o artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e ó efecto de proceder a celebrada a constitución do novo Concello de Miño, á vista dos resultados das Eleccións Municipais celebradas o día 27 de maio de 2007, para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais, reúnen os Sres. Concelleiros electos ó marxe numerados, asistidos polo secretario, que da fe do acto e polo interventor.

Seguidamente iniciase a sesión, pasando a continuación a debater a seguinte

ORDE DO DÍA

1.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE.

Declarada aberta a sesión, procedese a constituír a Mesa de Idade, integrada polos concelleiros electos de maior e menor idade presentes no acto e da que será secretario o que o sexa da Corporación, segundo dispón o artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, quedando constituída a Mesa de Idade por Don Francisco Rei Mallo, concelleiro asistente de maior idade, como presidente, e Dona Eva María Vilariño González, concelleira de menor idade, e de Dona Alejandra Rodríguez Menéndez, secreta xeral do Concello de Miño, asiste igualmente a interventora municipal Dona Marta roca Nabeira.-

2.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

A instancia da Mesa de Idade a Secretaria informa que a totalidade dos Concelleiros electos presentaron as credencias expedidas pola Xunta Electoral de zona así como a declaración de bens patrimoniais e de actividades susceptibles de producir ingresos así como de posibles causas de incompatibilidade, con o que se cumpren as esixencias legais para a toma de posesión e polo tanto ó concorrer á sesión a totalidade dos membros electos **DECLARASE CONSTITUÍDA A CORPORACIÓN MUNICIPAL**", polos seguinte membros, que proceden a dar cumprimento ó Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, prestando xuramento o promesa de cumprir fielmente

as obrigas do cargo con lealdade ó Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado:

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ, xuramento.

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ, xuramento.

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS, xuramento.

DON JESÚS VEIGA SABÍN, promesa.

DON FRANCISCO REY MALLO, xuramento.

DONA TANIA MARIA RUANOVA SUAREZ, xuramento.

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ, xuramento.

DON MANUEL MONTERO ANIDO, promesa.

DONA EMMA GONZALEZ ALVAREZ, xuramento.

DON JUAN MANUEL BECERISO CABEZAL, promesa.

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ, promesa.

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL, xuramento.

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ, promesa.

Una vez constituída a nova Corporación, polo Secretario municipal informase das normas básicas de funcionamento das mesma así como do réxime da dereitos e deberes aplicables ós novos concelleiros e que se recollen fundamentalmente na lei 7/198, 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

3.- ELECCIÓN DE ALCALDE.

Con carácter previo á votación, os concelleiros elector presentes no acto acorda por unanimidade que a votación sexa ordinaria mediante a forma de man alzada.

Os concelleiros que encabezan as súas correspondentes listas, candidatos para o cargo de alcalde son os seguintes:

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS, do PP.

DON MANUEL MONTERO ANIDO, do PSOE.

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ, do BNG.

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL, do TEGA.

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ, do ASI – MIÑO.

Iniciándose a votación obtense o seguinte resultado:

NOME E APELIDOS DE CADA CONCELLEIRO CANDIDATO	NÚMERO DE VOTOS EN LETRA	NÚMERO DE VOTOS EN NÚMERO
JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS	SETE	7
MANUEL MONTERO ANIDO	TRES	3
ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ	UN	1
JOSE MARIA LAYA CARRIL	UN	1
ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ	UN	1

En consecuencia , sendo TRECE o número de Concelleiros, e sete a maioría absoluta legal, resulta electo DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS, polo que queda proclamado alcalde.

Aceptado o cargo, DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS, ocupa a Presidencia.

4.- INFORME DE ARQUEO EXTRAORDINARIO E DE PATROMONIO MUNICIPAL.

A Sra. Interventora dá conta do arqueo extraordinario realizado con os Sres. Alcalde entrante e saínte, do que quedan enteados tódolos Sres. Concelleiros. Os datos que figuran no acta de arqueo extraordinario da data 14 de xuño de 2007 son os seguintes:

Acta de arqueo extraordinario de data 14 de xuño de 2007:Constituídos na tesourería desta corporación o Alcalde – Presidente, Don Juan A. Maceiras Barros, a interventora municipal, Dona Marta Roca Naveira, e tesoureiro municipal Don Emilio Caínzos Quintás, procedese a efectua –lo arqueo de fondos existentes na data do 14 -06-2007, co seguinte resultado:

Existencias:

	Metálico	Total
Caixa Corporación	214,29	214,29
Banco Gallego	19.824,64	19.824,64
Banco Pastor	27.733,54	27.733,54
Banco Central Hispano	17.827,15	17.827,15
Banco Bilbao Vizcaya	426.593,34	426.593,34
BBVA – Conta financeira	300.000,00	300.000,00
Banco Crédito Local	42.929,43	42.929,43
Caixa Galicia	1.138.017,79	1.138.017,79
Caixa Galicia – Conta financeira	3.000.000,00	3.000.000,00
La Caixa	41.719,15	41.719,15
La Caixa – Conta financeira	1.000.0000,00	1.000.000,00
Sumas	6.014.859,33	6.014.859,33

En relación á situación patrimonial o Sr. Secretario informa que conforme á Lei 7/1985, de 2 de abril, e o Regulamento de Bens das Entidades Locais de 1976, as Corporacións Locais teñen a obriga de manter un Inventario de Bens e Dereitos actualizado coas esixencias e contido de dita lexislación, se ben no Concello de Miño non existe un Inventario de Bens propiamente dito e ademais non está actualizado, polo que resulta materialmente imposible dar conta no presente acto da situación patrimonial real do Concello, sendo a realización dun Inventario de Bens e Dereitos axustado a lexislación vixente un dos obxectivos da presente lexislatura.

Cumprido o obxecto da convocatoria, o Sr. Alcalde – Presidente procede a dirixir unhas palabras ó público asistente, que se transcriben a continuación:

“Para moitos dos que hoxe estamos aquí, é hoxe unha memorable ocasión, sen embargo na recente historia do noso país, ao longo dos últimos 30 anos, é algo que ocorre con normalidade.

A nosa Constitución prevé unha transferencia ordenada da autoridade e o poder local que asegura que os actos como este se desenvolvan nun marco de convivencia pacífica e de total normalidade.

Despois de 30 anos do chamado proceso de transición é perceptible o desgaste, tanto das ideas como das persoas.

Para ninguén é un segredo que a clase política vive días difíciles, provocados en esencia polos seus propios erros e polos seus innegables excesos.

Pese a todo, menten os que afirman que a política é algo malo; a política é un instrumento para alcanzar unha mellor orde social e xeralmente as persoas que nos vemos seducidas pola política o estamos por un desexo de levar á política os nosos ideais ou os noso valores e, como non, por unha ansia de autoafirmación que está sempre presente en todo ser humano.

É comprensible que un ideal de autoafirmación persiga deixar pegadas da nosa existencia, e no quefacer político, estas pegadas adoitan ser visíbeis nun contorno moi amplo, e poden contribuír a lograr un contorno máis amigábel que supoña un benestar efectivo para todos os membros da sociedade civil á que o político serve. Esta necesidade de autoafirmación é algo xenuinamente humano.

Este ideal de autoafirmación é a plasmación do desexo de todo ser humano de ser recoñecido e valorado, que se adoita concretar nos seus logros, nas súas realizacións. Por todo isto, creo firmemente que todos os membros desta renovada Corporación perseguen en si mesmos algunha forma de autoafirmación que se concrete finalmente nuns logros para a comunidade á que serven.

A política representa un dos eidos da actividade humana que imprime maiores esixencias ao sentimento moral, á capacidade de autorreflexión crítica, á auténtica responsabilidade, ao tacto, ao bo gusto, á capacidade de ser sensíbel ao sufrimento dos demais, ao sentido da moderación e á humildade. A todos os compoñentes desta nova Corporación supóñoos posuidores de todas estas calidades e deséxolles acerto no seu quefacer político, pero permítanme que os alerte de algo, dunha ameaza que se fai cada vez máis presente na nosa sociedade civil, algo que aparece de forma insidiosa e que, cando menos eu non sinto posuír e que, créanme, se lles digo que loitarei contra esa ameaza dunha forma decidida e firme. Esa ameaza non é outra cousa que **o odio**.

Hoxe a estas horas esa semente está presente nas tomas de posesión das novas Corporacións de moitos Concellos en Euskadi. E, é por iso, que o núcleo central do meu discurso e da miña preocupación hoxe ten que ser falarlles disto.

As persoas que odian teñen a sensación permanente de ser tratadas inxustamente, de non ser tratadas polos que os rodean dunha maneira xusta, tal como eles cren merecer. Non adoitan pararse a analizar se esa situación que eles tachan de inxustiza é real ou non.

No subconsciente dos que odian dorme a perversa sensación que eles son os auténticos portadores da verdade absoluta, senten que merecen recoñecemento de todo o mundo, e ao non obtelo séntense menosprezados e inxustamente tratados.

Para os ollos dos que odia pois, o culpable é todo o mundo que o rodea, pero isto non pode materializarse. “Todo o mundo” é un culpable demasiado abstracto e resulta indefinido, por iso os que odian, tentan personificar ese odio, precisan unha vítima concreta e, xeralmente, atópana.

As persoas que odian descoñecen o sorriso, son incapaces de expresar alegría, de bromear e son, así mesmo, incapaces de resultar irónicos porque son incapaces de ser autocríticos.

Xeralmente os que odian posúen caras serias, expresan enorme susceptibilidade ante temas nimios, utilizan palabras fortes e mostran unha carencia total de verse a si mesmos a unha certa distancia.

O que odia non quere ser consciente da súa propia precariedade, dos seus fallos ou das súas limitacións.

Sempre os que odian acusan aos que os rodean de ser malos. O odia entraña un gran egocentrismo e cando non alcanzan unha autoafirmación absoluta séntense vítimas de injurias malévolas, de complots imaxinarios que deben ser eliminados a prol dunha xustiza que eles a conciben ao seu servizo.

Só existe un odio, non hai diferenzas entre odio individual e odio colectivo. É máis, o odio tribal, o odio colectivo, tanto relixioso, ideolóxico, social ou calquera outro probablemente represente un funil que, en última instancia, succiona e atrapa a todos os que están predispostos para o odio individual.

Noutras palabras, o odio colectivo non é máis que o conxunto de persoas capaces de sentir o odio individualizado, desta maneira, o odio colectivo, compartido e difundido por estas persoas, ten unha atracción magnética para facer entrar no seu funil a moitas outras persoas que orixinalmente parecían non posuír a capacidade de odiar. É

xente moralmente pequena e débil, egoísta, de espírito preguiceiro, incapaz de pensar por si mesma e propensa a sucumbir á influencia dos que odian.

Ese odio colectivo parece alimentarse das vantaxes que reporta aos seus membros e sonnos desdeñables.

O odio colectivo libera aos que odian da soidade, do abandono, do sentimento de debilidade, da impotencia e do desprezo, e axúdaos a facer fronte ao seu complexo de fracaso. Forman unha irmandade cuxo principio aglutinador é adoptar a ideoloxía da inxustiza.

Outra vantaxe evidente é que mentres o odio individual materializa unha agresividade que implica un risco innato á propia responsabilidade, a irmandade dos que odian legaliza en certa forma a agresividade. Isto crea unha ilusión de lexitimidade ou cando menos unha sensación de cobertura colectiva. Escondido na manada, todo home violento adoita ser máis atrevido. Un estimulan a outros e todos acaban convencéndose da súa legalidade.

O noso pobo en épocas anteriores viviu xa situacións que canalizaron un odio colectivo. Non creo necesario lembrar hoxe situacións e momentos nos que se dividiron familias, enfrontáronse veciños e alimentáronse odios que aínda hoxe se manteñen en corazóns enfermos.

Os políticos temos a obriga moral de loitar contra os xermes do odio colectivo, os membros desta Corporación debemos discrepar, debemos discutir, debemos adoptar posicións contrapostas, pero polo noso propio interese, polo interese de toda a comunidade cívica que conforma o pobo de Miño, debemos dar un exemplo de convivencia cívica para illar a aqueles que viven de alimentar o seu odio.

Miño e as súas xentes o agradecerán.

Moitas grazas a todos.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde – Presidente, levántase a sesión sendo a catorce horas, de todo a cal, como Secretaria dou fe.

O presidente

A secretaria municipal